

PROPOSTA DA XERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

ASUNTO: CONTRATACION POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAUDE, XEOTÉCNICO, E DE TELECOMUNICACIÓN VISADO, NECESARIOS PARA A REHABILITACIÓN DOS INMOBLES SITOS EN FERRERIA 33-35

Con data 18 de marzo de 2010 a presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo, asinou a aprobación da adxudicación provisional para a redacción do proxecto que figura no encabezamento a **JASC Arquitectos S.L.P.**

En dita resolución outorgábaselle a adxudicataria provisional o prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte o da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante para aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe no presente concurso.

A publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Consorcio Casco Vello de Vigo, tivo lugar o día 18 de marzo polo que o prazo outorgado finalizaba o día 09 de abril. Por outro lado foron informados da adxudicación provisional, a través da oportuna notificación todos e cada un dos licitadores que presentaron ofertas.

A adxudicataria provisional, **JASC Arquitectos S.L.P.** presentou en tempo e forma a documentación referida no apartado anterior, incluíndo o aval de "La Caixa" por importe de 1.275,00€ e por parte dos demais licitadores non houbo ningún tipo de observación respecto da adxudicación provisional.

En consecuencia, a esta Xerencia, propón ao Sra. presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo, órgano de contratación no procedemento negociado sen publicidade en trámite, a adopción da seguinte,

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar a adxudicación definitiva da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redacción do proxecto básico e de execución, estudio de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicación visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitos en Ferrería 33-35 a **JASC Arquitectos S.L.P.**, con CIF: B36933208 e domicilio na rúa Uruguay, nº 11, 1º-D, en Vigo, CP 36201, nas condicións indicadas na súa proposta, por importe de **vinte e cinco mil cincocentos euros (25.500,00 €)** aos que engadindo o **16% de IVE (4.080,00€)**, fai un total de **vinte e nove mil cincocentos oitenta euros, (29.580,00 euros)** e un prazo execución de **dous meses** por considerar que é a oferta é mais ventaxosa para os inteseses do Consorcio Casco vello de Vigo.

SEGUNDO: Que se faga pública a resolución de adxudicación definitiva no perfil do

contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo para coñecemento xeral, así como a notificación a todos os licitadores. Posteriormente, e no prazo establecido, procédase á formalización do contrato en documento administrativo ao que se unirá o prego de clausulas administrativas particulares e o de prescipcións técnicas asinadas polo adxudicatario no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte o da notificación da adxudicación definitiva, constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

En Vigo, a 10 de abril de 2010
O xerente do Consorcio

Alfonso Ramos Covelo

DECRETO:

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 12.e dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, examinada a proposta formulada pola Xerencia, RESOLVE favorablemente á mesma.

O manda e asina a Sra. presidenta , en Vigo, a 10 de abril de 2010, ante min, secretaria que certifico.

A secretaria

A presidenta

Marta Riobó Ibáñez

Lucía Molaes Pérez